

TEXTO PARA INTERPRETACIÓN

(texto para aprender de memoria, só aprender de memoria)

Houbo un ruxeruxe de medos e carreiras; un ir e vir de falas trementes e de mans en alporizo. Varios veciños, levados polo instinto e sen moito cavilar, buliron a esconderse: no alpendre, nunha cortella fonda, debaixo das lousas do hórreo. Tal abouxamento era causado pola presenza insólita do cepelín, aquel dirixible que os alemáns botaran a voar, xusto por enriba da aldea. Polo seu feitío algúns chegaron a comparalo –cando volveron do grimo- cun porco inmenso. O estrondo fixo estalar vidros, e houbo intres en que a xente no agro tiña de falar a berros, de suco en suco, para se ouvir. Moncho non tivo medo. Estaba enredando na cociña con súa irmá Felicia, tres anos máis nova ca el, mentres a nai arrolaba no berce o pequeno que non tiña acougo naquel teimoso badúe choriqueiro. E foi nesa o estroncio. Salvo o coche de liña Santiago-Lalín, algún camión con madeiras, e a máquina de mallar (unha vez ó ano) non había rebumbio de motores na aldea. Aquilo era coma un terremoto, algo endexamais visto na comarca. A nai colleu no colo o boneco chorón, e todos catro rubiron as escaleiras e atravesaron o cuarto, amplo e único, ata chegar á xanela. Alí quedaron coma esteos. O meniño deixou o choro; Felicia, engruñada e fungona, veña a preguntar cousas que non tiñan resposta. E Moncho, coas mans case colgadas no peitoril, ollaba abraiado aquel achocante monstro voador que avantaba por derriba da viña e das cerdeiras. Eran as dúas da tarde.

Xosé Neira Vilas, *Aqueles anos do Moncho*.